

Plan xeral de atención á diversidade

CEIP Manuel Rodríguez Sinde

A Guarda - Pontevedra

Índice

Índice.....	2
1. Introducción.....	3
2. Marco legislativo.....	5
3. Identificación e valoración das necesidades	13
5. Actuacións, medidas e/ou programas para atención á diversidade	17
6. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas	45
7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro	46
8. Mecanismos de coordinación e colaboración internos e entre as etapas de E.Infantil-E. Primaria e E.Primaria-E.Secundaria	51
9. Canles de colaboración cos pais e cos diferentes servizos externos ao centro.	55
10. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias	57
11. Avaliación do plan	57

1. Introducción

Se algo comeza a tomar corpo no mundo da educación é o convencemento de que nas aulas non existe un alumno ou alumna tipo, nin se debe planificar e explicar para a media da clase. Cada vez está máis claro que cada alumna ou alumno é diverso é, en consecuencia, así debe ser considerado á hora de poñer en marcha o complexo proceso de ensino-aprendizaxe.

A realidade escolar do noso centro lévanos a deseñar un Plan Xeral de Atención á Diversidade co fin de planificar medidas educativas que faciliten unha resposta adaptada ás necesidades que presentan os alumnos nel escolarizados.

De ahí que se plantexe a necesidade de elaborar este Plan, no cal se encontran recollidas as medidas dirixidas a mellorar a calidade do ensino e co cal se pretende establecer un conxunto de actuacións, medidas organizativas, curriculares, apoios e reforzos, que o centro diseña e porá en práctica para proporcionar ao alumnado a resposta educativa máis axeitada as súas necesidades educativas xerais e particulares.

A escola debe dar resposta ás necesidades de cada alumno ou alumna, independentemente das súas características ou da súa contorna, unha concepción de escola que responda á diversidade que caracteriza a todo o grupo humano.

O gran desafío da organización escolar consiste na capacidade de ofrecer a cada alumno ou alumna a axuda que precisa, axustando a resposta educativa á individualidade do alumnado.

A **atención á diversidade** é un principio que debe guiar a organización e funcionamento dos sistemas educativos, e polo tanto, debe estar na base da

planificación e organización de todos os centro.

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades específicas de apoio educativo.

No artigo 10 do Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG,21/12/2012), “o Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado”.

Ao comezo de cada curso escolar, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas distintas actuacións e medidas concretas, que debe formar parte da programación xeral anual, de conformidade coas necesidades do centro e os recursos dos que se dispoña (artigo 11.4 do Decreto 229/2011, do 7 de Decembro).

Conforme ao artigo 13.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, “ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do PXAD, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do DO e, en consecuencia, á memoria anual do centro”.

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do PXAD.

2. Marco legislativo

Os conceptos fundamentais que se substraen en calquera acción orientada á atención á diversidade, deben partir do concretado na norma fundamental do noso Sistema Educativo: a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, (BOE, 04/05/2006).

Así, no artigo 1.e, a LOE sinala como un dos principios da educación “A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade”.

No artigo 4.3 cando se refire á ensinanza básica fai fincapé na atención á diversidade sinalando que “sen prexuízo de que ao longo da ensinanza básica se garanta unha educación común para os alumnos, adoptárase a atención á diversidade como principio fundamental. Cando tal diversidade o requira, adoptárase as medidas organizativas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente Lei.”

Referíndose á Educación Primaria, manifesta que “nesta etapa poñerá especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades” (art. 19.1).

Máis concretamente, en relación ao alumnado que requira unha atención educativa diferente da ordinaria, a LOE no Título II volve a incidir na detección das dificultades e necesidades tan pronto como se produzan e no establecemento da atención temperá e

as medidas de apoio e reforzo adecuadas, baseadas nos principios de normalización e inclusión, sinalando no artigo 72.3. que “os centros contarán coa debida organización escolar e realizarán as adaptacións e diversificacións curriculares precisas para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins establecidos”.

Finalmente prescribe que a forma de atención á diversidade recollerase no PE (Capítulo II. Art.121.2º).

Na nosa Comunidade, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, constitúe o referente fundamental que guiará as actuacións que levemos a cabo neste ámbito, se ben hai que ter en conta que aínda se está a completar o desenvolvemento normativo da LOE, e mesmo do mencionado Decreto, polo que no referido á atención á diversidade rexerémonos, naqueles aspectos sen nova lexislación, pola normativa anterior non derogada expresamente na LOE en canto non se opoñan ao disposto nesta (Aplicación das normas regulamentarias. Disposición transitoria décimo primeira da LOE).

Incidindo no anterior, sinalar que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, derroga, ademais do Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no seu articulado. (Disposición derogatoria única).

Ademais da normativa sinalada, outras disposicións relacionadas coa atención á diversidade son:

1. DISPOSICIÓN DE CARÁCTER BÁSICO

- Artigo 49 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978. (BOE, 29/12/78).

- Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos. (BOE, 30/04/82). Modificada pola Lei 26/2011, do 1 de agosto. (BOE, 02/08/11).
- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo que regula o dereito á educación de todos os españois. (BOE,04/07/85).
- Real Decreto 943/2003, do 18 de xullo, de flexibilización dos alumnos superdotados intelctualmente (BOE, 31/07/03).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE, 04/05/06).

2. ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE)

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE, 04/05/06).
- Capítulo V do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C. Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. (DOG, 21/12/11).

2.1. Alumnado que presenta necesidades educativas especiais

2.1.1. Normativa específica

- Sección 1ª do Título II da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE, 04/05/06).
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG, 07/11/95).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se

regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. (DOG, 21/12/11).

- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización. (DOG, 19/12/96).
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. (DOG, 30/01/03).

2.1.2. Normativa no ROC e o seu desenvolvemento

- Artigos 82, 83 e 84 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG, 21/10/96).
- Capítulo II.3 da Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG, 02/09/97).

2.2. Medidas curriculares e organizativas

2.2.1. Normativa xeral

- Artigo 18 da Orde do 27 de decembro de 2002

pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.(DOG, 30/01/03).

- Art. 7.2, 8 e 11 da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro. (DOG, 26/02/04).

2.2.2. Etapa de educación primaria

- Capítulo II.3 da Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG, 02/09/97).
- Artigo 15.2 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na C. Autónoma de Galicia. (DOG, 09/07/07).

2.3. Plan xeral de atención á diversidade

- Artigos 10-14 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. (DOG, 21/12/11).

2.4. Escolarización alumnado con neae

2.4.1. LEXISLACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA LOE

2.4.1.1. Normativa xeral

- LOE: Artigo 71.4, 72.5, 74, 77, 84 e seguintes.
- Artigos 2, 11, 17 do Decreto 254/2012 polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Artigos 1.2, 3.2, capítulo v da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de EI, EP, ESO e Bacharelato.
- Capítulo III do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C. Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. (DOG, 21/12/11).

2.4.2. LEXISLACIÓN ANTERIOR Á LOE

- Capítulo IV da Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos con necesidades educativas especiais. (DOG, 19/12/96).
- Artigos 41, 47 e 94 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. (DOG, 13/07/11).
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. (DOG, 30/01/03).
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se

regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (DOG, 28/11/96).

2.4.3. ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO

2.4.3.1. Normativa xeral de carácter básico

- Artigos 78 e 87 Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE, 04/05/06).
- Artigo 9 da Lei Orgánica 2/2009, de 11 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. (BOE, 12/12/09).

2.4.3.2. Normativa específica da Comunidade Autónoma de Galicia

- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro. (DOG, 26/02/04).
- Artigo 12.2. do Decreto 254/2012, polo que se regula a admisión do alumnado.
- Capítulo VII da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado.

- Artigo 15.3 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na C. Autónoma de Galicia. (DOG, 09/07/07).

2.5. Flexibilización da escolarización

2.5.1. Normativa de carácter básico

- Orde do 24 de abril de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar, con carácter excepcional, a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (BOE, 03/05/96).
- Real Decreto 943/2003, do 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibiliza-la duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (BOE, 31/07/03).
- Artigos 74. 1 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE, 04/05/06). Páx. 546.

2.5.2. Normativa da Comunidade Autónoma de Galicia

- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais, asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (DOG, 28/11/96).
- Artigo 26 e seguintes da Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos

con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. (DOG, 30/01/03).

- Artigo 17 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. (DOG, 21/12/11).

2.6. Coidadores e as súas funcións

- Resolución do 18 de decembro de 1986 da Dirección Xeral de Traballo pola que se da publicidade ó convenio colectivo para o persoal laboral de educación especial. (BOE, 16/01/87). Substituída pola Resolución do 23 de outubro de 1991. (BOE, 12/11/91).

3. Identificación e valoración das necesidades

A avaliación docente, combinada cando é preciso coa avaliación psicopedagóxica, é o instrumento principal para a identificación das necesidades do alumnado. Ademais disto é moi importante a reflexión grupal que se leva a cabo a través dos órganos de coordinación e que queda reflexado nas memorias e documentos do centro.

Así mesmo, é importante facer fincapé na detección temperá das necesidades específicas de apoio educativo, que fai máis efectiva a resposta educativa e contribúe a aumentar as posibilidades de éxito deste alumnado.

No noso centro podemos sinalar que algúns alumnos presentan, entre outras, as seguintes necesidades:

- Necesidades específicas de apoio educativo, nalgún caso necesidades educativas especiais.
- Dificultades de linguaxe e articulación que persisten en nenos do último curso de educación infantil e educación primaria.
- Dificultades para acadar o nivel lectoescritor e de comprensión correspondente ao seu nivel.
- Dificultades matemáticas que impiden acadar o nivel do ciclo.
- Falta de interese e motivación cara o estudo.
- Problemas de atención e manexo da información.
- Problemas de adaptación ás normas sociais.

ALUMNADO AO QUE SE DIRIXE O PLAN

- ☐ Alumnado con necesidade específica de apoio educativo: Alumnado con necesidades educativas especiais, derivadas de condicións persoais de discapacidade física, psíquica, sensorial, ou de graves trastornos da personalidade ou de conduta.
- ☐ Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...
- ☐ Alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de altas capacidades intelectuais.

- Alumnado con situacións persoais sociais ou culturais desfavorecidas ou que manifeste dificultades graves de adaptación escolar.
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, que por factores sociais se atope en situación de desvantaxe respecto ao acceso, permanencia e promoción no sistema educativo (minorías étnicas ou culturais), así como, con descoñecemento ou coñecemento insuficiente das linguas da nosa comunidade ou con graves carencias nos coñecementos básicos.
- Calquera outro alumno que nun momento dado requira unha atención específica.

OBXECTIVOS

- Servir de referente criterial para que o centro poida concretar anualmente o axuste das respostas educativas adecuadas a cada alumno e contexto.
- Servir de instrumento que facilite ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axústalos ás necesidades.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas

organizativas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas cos que conta o centro ao comezo de curso, para adecuarse, no seu caso, á atención das novas necesidades educativas. Só se isto non fora posible, por un crecemento excepcional de novas necesidades, se procedería á solicitude dos recursos correspondentes.

- ▣ Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.
- ▣ Garantir a actuación coordinada de mestres e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- ▣ Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- ▣ Adaptar de forma especial dita resposta educativa ao alumnado con Plan xeral de atención á diversidade necesidades específicas de apoio educativo matriculado no centro.
- ▣ Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- ▣ Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén co alumnado con neae.

- ▣ Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- ▣ Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- ▣ Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.
- ▣ Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, desde as exploracións psicopedagóxicas ata os apoios, os reforzos educativos, etc.
- ▣ Diseñar respostas educativas para o alumnado con NEAE, especialmente as derivadas de factores culturais.
- ▣ Optimizar o uso dos recursos do centro na procura da mellora da eficiencia e calidade dos procesos educativos.
- ▣ Establecer criterios pedagóxicos que axuden na toma de decisións respecto do alumnado con NEAE.

5. Actuacións, medidas e/ou programas para atención á diversidade

Segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro (artigo 7) “enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado”.

5.1. Medidas ordinarias

“Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas”.(Artigo 8 Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade que poden desenvolverse no noso centro figuran::

O traballo cooperativo do profesorado dentro da aula.

Esta medida supón o traballo conxunto na aula dun profesor do centro con dispoñibilidade horaria co profesor adscrito á área ou titor do grupo, colaborando en todas ou algunhas actividades.

O profesor da área será o responsable da planificación do proceso de aprendizaxe e do seguimento e avaliación do alumnado.

Esta tarefa será desenvolvida preferentemente nas áreas de lingua castelá/galega e literatura e matemáticas.

Serán **criterios** a considerar na distribución deste profesorado:

- Número de alumnos do grupo.
- Presenza de alumnos con necesidade específica de apoio educativo se ese grupo non pode contar

con apoio especializado.

- Presenza de alumnos repetidores.
- Presenza de alumnos que promocionaron sen acadar avaliación positiva nas áreas nas que colabora o segundo profesor.

Diversificación e adecuación de instrumentos, tempos e procedementos de avaliación

Estas actuacións teñen por obxecto dar resposta aos requirimentos de determinado alumnado con necesidade específica de apoio educativo en relación a algunhas áreas.

Fundamentaranse nas indicacións do orientador nos seus informes.

Criterios de adscrición do profesorado

A adscrición do profesorado realizarase conforme á normativa de pertinente aplicación e respectando, como norma xeral, as seguintes premisas:

- a. As materias do ámbito lingüístico serán impartidas ao grupo polo mesmo profesor
- b. Potenciarase a biblioteca, convivencia, normalización e as TIC, destinándose horario fixo as tarefas relacionadas coa atención ás mesmas.
- c. Cada área debe ser impartida ao grupo de alumnos de maneira completa polo mesmo profesor.
- d. Incidirá o menor número posible de profesores no mesmo curso e, de forma especial, en educación infantil e no primeiro ciclo de educación primaria.
- e. Se a Administración educativa non destina ao centro profesorado específico de AL, dotaranse aos mestres do centro con esta especialidade do horario necesario para prestar o servizo aos alumnos do centro.
- f. Continuidade no ciclo.
- g. Continuidade no caso de que haxa un alumno de

características específicas, consensuado co profesorado e coa autorización de inspección.

Metodoloxías que favorezan a individualización e promovan a inclusión.

Empregándose estratexias tales como:

- a. Traballo cooperativo en grupos heteroxéneos.
- b. Tutoría entre iguais.
- c. Aprendizaxe por proxectos.
- d. Aprendizaxe por tarefas.
- e. Autoaprendizaxe ou aprendizaxe autónomo.
- f. Aprendizaxe por descubrimento.
- g. Talleres de aprendizaxe.
- h.

Enriquecemento curricular

Destinado ao alumnado talentoso ou de altas capacidades con avaliación psicopedagóxica do servizo de orientación do centro que así o determine, que non foi obxecto de flexibilización.

O seu desenvolvemento estará a cargo do profesorado do alumno co asesoramento dos servizos de orientación.

Programas colectivos de estimulación da linguaxe e prevención de dislalias.

Destinados aos grupos de segundo e terceiro cursos do segundo ciclo de educación infantil.

A súa programación, desenvolvemento, e avaliación estará a cargo de profesorado especialista en AL.

Reforzo educativo.

Regulado pola Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG, 07/11/1995), o reforzo educativo

é unha medida dirixida a aqueles alumnos que, con modificacións do currículo que non afecten aos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e, de ser o caso, as competencias básicas, poden superar as súas dificultades e seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Elaborado e desenvolvido polo profesor que imparte docencia ao alumno na área obxecto de reforzo no contexto escolar ordinario.

Este profesor poñerá en coñecemento do titor ou titora que o comunicará á xefatura de estudos e informará ao pai, nai ou titor legal do alumno.

Poderá contar coa colaboración de profesorado ordinario con dispoñibilidade horaria ou, se é o caso, de profesorado de PT ou AL. Nestes casos será preceptivo o informe do orientador.

Ao remate do curso o profesor responsable do reforzo elaborará un informe individualizado do mesmo segundo o modelo incluído no anexo III. Deberá quedar constancia da aplicación desta medida nos correspondentes documentos académicos do alumno.

Desdoblamento de grupos

Poderanse desdobrar grupos para a realización de determinadas actividades co obxecto de facilitar aos alumnos unha atención máis individualizada.

A programación será a mesma para os dous grupos e a coordinación entre o profesorado debe ser máxima.

Na formación dos grupos de alumnos evitarase calquera clasificación dos alumnos polos seus coñecementos, nivel intelectual ou rendemento.

Estará a cargo de profesorado con dispoñibilidade horaria, debendo contar, se é o caso, coa especialidade requirida.

Entre as medidas ordinarias que o centro desenvolverá cabe tamén destacar:

- adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, proxectos e outras que promovan a inclusión.

5.2. Medidas extraordinarias

“Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.” (Artigo 9 Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

Son medidas extraordinarias de atención á diversidade:

Apoio especializado.

É o apoio temporal dun profesor especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica dentro ou fora da aula ordinaria que ten como

destinatarios alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

Para que se produza este tipo de atención será necesario que así o aconselle o informe ou a avaliación psicopedagóxica realizada polo orientador.

O procedemento para a demanda de intervención, realización de informe ou de avaliación psicopedagóxica por parte do servizo de orientación é o seguinte:

- Comunicado do profesor, pai, nai ou titor legal ao orientador do centro da necesidade de intervención ou avaliación dun determinado alumno.
- Cumprimentación por parte do demandante do cuestionario previo aportado polo orientador.
- Proceso de avaliación e redacción do correspondente informe por parte do orientador.

O orientador elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

1. Atenderase preferentemente ao alumnado obxecto dunha AC.
2. Primarase a calidade do apoio limitándose para iso o número de alumnos atendidos simultaneamente
3. Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumno fora do grupo ordinario.
4. Evitarase a ausencia nas áreas non instrumentais que favorecen a integración.
5. A atención aos alumnos fora da aula deberá compatibilizarse nas áreas obxecto de apoio coa

presenza do alumno na aula ordinaria nestas mesmas áreas co profesorado que as imparte e que será o responsable da avaliación do alumno.

Ao remate do curso, o profesor de PT e/ou AL elaborará un informe relativo ao apoio realizado...

Apoio de profesorado ordinario.

O profesorado ordinario poderá desenvolver tarefas de apoio.

Con carácter xeral, poderá ser destinatario desta medida todo o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, se ben aquel que presente necesidades educativas especiais será obxecto de atención preferentemente por profesorado especialista de pedagogía terapéutica e/ou de audición e linguaxe.

As tarefas de apoio levaranse a cabo de forma prioritaria nas áreas ou materias instrumentais.

No deseño destes apoios, o orientador seguirá os mesmos criterios prioritarios que sinalamos no apartado anterior para organizar o apoio especializado.

Flexibilización do período de escolarización.

De conformidade co establecido nos artigos 15.4 e 16.6 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 09/07/2007) e nos artigos 17 e 19 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro:

▮ *Educación infantil*

- A escolarización en educación infantil poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das necesidades educativas especiais do alumnado.
- Poderá reducirse nesta etapa nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das

altas capacidades do alumnado.

- En ningún caso se poderá permanecer en educación infantil máis alá do ano natural en que se cumpran os sete de idade nin comezar a educación primaria antes do ano natural en que se cumpran os cinco anos.

▫ *Educación primaria*

- A escolarización en educación primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das necesidades educativas especiais do alumnado.
- Poderá reducirse nesta etapa nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.
- En ningún caso se poderá permanecer en educación primaria máis alá do ano natural en que se cumpran os quince anos de idade nin comezar a educación secundaria antes do ano natural en que se cumpran os dez anos.

▫ *Procedemento para a solicitude no caso de alumnado con necesidades educativas especiais.*

No artigo 30 da Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG, 30/01/03), establécese:

Para que os alumnos con necesidades educativas especiais poidan acollerse ás flexibilizacións, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude na correspondente xefatura territorial. Esta acompañarase da seguinte documentación:

- a. Informe que xustifique a necesidade da

medida, elaborado polo departamento de orientación do centro ou ó que este estea adscrito ou, no seu defecto, polo profesor titor .

b. Conformidade expresa dos pais ou titores legais do alumno, se é menor de idade, ou a súa propia se non o é.

c. Fotocopia compulsada do expediente académico .

d. Proposta de adaptación do currículo segundo disposto na Orde do 6 de outubro de 1995. A citada solicitude remitirase, xunto co informe da inspección educativa, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á que corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización.

Tanto por iniciativa da inspección educativa, como pola da Dirección Xeral, poderase requirir ao equipo de orientación específico dependente da xefatura territorial correspondente a elaboración dun informe complementario ao respecto.

O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril. As xefaturas territoriais trasladaranas á Dirección Xeral antes do 31 de maio, acompañándoas dos informes correspondentes.

A resolución correspondente comunicarase ao centro antes do 31 de xullo para o seu traslado ao interesado.

Con carácter xeral, calquera medida de flexibilización consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos de avaliación do alumno que en cada caso correspondan.

▮ *Procedemento de solicitude no caso de alumnado con sobredotación*

Na Orde de 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG, 28/11/96), establécese:

- A sobredotación debe ser acreditada mediante avaliación psicopedagóxica.
- A decisión de reducir o período de escolarización irá acompañada de medidas curriculares para que non se limite a un simple adiamento de curso.
- Informarase ao alumno e aos pais ou titores. Estes últimos deberán dar a conformidade por escrito.
- O alumnado con sobredotación intelectual será escolarizado en centros ordinarios.
- As adaptacións curriculares promoverán o desenvolvemento de capacidades establecidas nos obxectivos xerais da educación obrigatoria.
- A decisión de reducir o período de escolarización así como as medidas curriculares que a acompañen estarán suxeitas a un proceso continuado de avaliación, podendo anularse tal decisión cando o alumno non alcance os obxectivos propostos. Esta anulación terá tamén carácter reversible.
- Poderá anticiparse un ano a escolarización no primeiro curso de educación primaria unha vez acreditada a sobredotación, e se prevea que dita medida é a máis axeitada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos de educación infantil.

- Poderá reducirse un ano a escolarización en educación primaria unha vez acreditada a sobredotación, e se prevea que dita medida é a máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos do ciclo que lle corresponde cursar.
- Aconsellarase unha adaptación curricular de ampliación dentro do curso que lle corresponda por idade cando, realizada a avaliación psicopedagóxica, se comprobe que o alumno obtén un rendemento excepcional nun número limitado de áreas ou cando, aínda obtendo un rendemento global alto, se detectara desequilibrio co ámbito afectivo e de inserción social.

Tal como reflicte a citada Orde, haberá que establecer medidas curriculares:

- A adaptación curricular para un alumno con sobredotación pode referirse ao enriquecemento de obxectivos e contidos, flexibilización de criterios de avaliación, metodoloxía con modificación de actividades, materiais e secuencia de contidos.
- Desde os primeiros niveis de escolarización e durante a educación obrigatoria o alumno con sobredotación poderá seguir medidas de enriquecemento.
- A adaptación do currículo poderá considerar que se curse no nivel inmediatamente superior unha ou varias materias, cando se valore que o rendemento nelas é alto e ten adquiridos os obxectivos do ciclo ou nivel que lle corresponde

cursar.

- Poderanse utilizar fórmulas flexibles de organización grupal que faciliten a incorporación deste alumnado a grupos de diferente nivel de competencia curricular ao que lle corresponde por idade.
- A avaliación naquelas materias obxecto de adaptacións curriculares efectuarase tomando como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados para eles.

O procedemento de solicitude contempla:

- Solicitude da directora/director ao orientador de avaliación psicopedagóxica do alumno, a instancia da contorna familiar ou escolar e coa conformidade do pai, nai ou titores legais.
- Elaboración das medidas de adaptación curricular.
- Informe da inspección educativa sobre a idoneidade ou non da proposta de flexibilización e das medidas de adaptación curricular que a acompañan.
- O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril.
- A Xefatura Territorial trasladaraa á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do 31 de maio, acompañándoa do informe correspondente.
- A resolución comunicarase ao centro antes do 31 de xullo para o seu traslado ao interesado.

A medida de flexibilización consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos do alumno que en cada caso correspondan.

Grupo de adquisición das linguas.

Segundo o artigo 8 da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG, 26/02/04), “Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado”.

A referida Orde sinala tamén en relación a esta medida:

- Está dirixida ao alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia.
- O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre. A inspección poderá autorizar a ampliación excepcional dese período.
- O alumno incorporárase ao seu grupo no momento en que o equipo de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.
- Poderán desenvolverse en primaria e, excepcionalmente, no último curso de infantil.
- O alumnado que forme parte destes grupos deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.
- O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será de 5 períodos lectivos no último curso de educación

infantil, 10 no primeiro ciclo de la educación primaria e 20 no segundo e terceiro ciclos da educación primaria, reducíndoos progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua.

- Permanecerá co seu grupo ordinario en educación física e educación artística. No último curso de infantil e primeiro ciclo de primaria, levaranse a cabo na aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua.
- O titor ou titora deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza a un grupo ordinario e encargarse da coordinación do equipo docente, asesorado, se é o caso, polo orientador.
- A avaliación continua servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nos grupos ordinario e de adquisición das linguas.
- Os pais do alumno serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida do centro.

Ademais do recollido na normativa, establécese en relación a estes grupos o seguinte:

- A xefatura de estudos, que contará co asesoramento do servizo de orientación, será a responsable de coordinar a labor de acollida e valoración deste alumnado.
- O orientador elevará ao xefe de estudos a proposta do alumnado que formará parte do grupo de adquisición das linguas.
- Poderá ser adscrito a este grupo calquera

profesor do centro con dispoñibilidade horaria.

- A solicitude para a constitución do grupo de adquisición das linguas será cursada pola dirección á inspección educativa acompañada da seguinte documentación:
 - Relación de alumnado do grupo.
 - Informe do orientador.
 - Informe do titor/a dos alumnos.
 - Organización e programación da intervención educativa.
 - Relación de profesorado que desenvolverá a intervención
 - Constancia da información aos pais ou titores do alumnado.

O titor elevará ao xefe de estudos proposta de calquera modificación do horario do alumnado así como de incorporación total ao grupo ordinario.

- O profesor do grupo de adquisición das linguas participará na avaliación deste alumnado, que se realizará conforme ao establecido con carácter xeral. Elaborará un informe trimestral individualizado coincidindo coa data da avaliación ordinaria que se entregará ás familias e un informe final individualizado cando o alumno se incorpore a tempo completo ao grupo de referencia.

Grupos de adaptación da competencia curricular

O artigo 11 da Orde do 20 de febreiro de 2004 recolle que “os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se

lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado”.

A referida Orde sinala tamén en relación a esta medida:

- Estará dirixida ao alumnado con un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- Poden desenvolverse no segundo e terceiro ciclo da educación primaria.
- Permanecerán neste grupo nas materias de carácter instrumental.
- O alumno poderá estar no grupo de adaptación da competencia curricular todo o ano escolar.
- Incorporarase a tempo completo ao seu grupo ordinario cando o equipo de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfase curricular.
- O alumnado do grupo de adaptación da competencia curricular pode pertencer a distinto curso ou ciclo.
- O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 8 períodos lectivos.

Ademais do recollido na normativa, establécese en relación a estes grupos o seguinte:

- A **xefatura de estudos**, que contará co asesoramento do servizo de orientación, será a responsable de coordinar a labor de acollida e valoración deste alumnado.
- O profesorado das áreas instrumentais coordinado polo titor, co asesoramento do servizo de orientación, deberá realizar a avaliación inicial do alumnado inmigrante.

- O orientador elevará ao xefe de estudos a proposta do alumnado que formará parte do grupo de adaptación da competencia curricular.
- Poderá ser adscrito a este grupo calquera profesor do centro con dispoñibilidade horaria.
- En relación á solicitude para a constitución do grupo de adaptación da competencia curricular, seguirase o mesmo procedemento que no caso do grupo de adquisición das linguas
- O titor elevará ao xefe de estudos proposta de calquera modificación do horario do alumnado así como de incorporación total ao grupo ordinario.
- O profesor do grupo de adaptación da competencia curricular participará na avaliación deste alumnado sendo responsable da cualificación da área cando a súa intervención abarque a totalidade do seu horario lectivo.
- A cualificación do alumno realizarase conforme ao establecido con carácter xeral . Non obstante, os pais ou titores legais recibirán un informe cualitativo do seu progreso.
- O referido informe trimestral individualizado para as familias e o informe final individualizado que o profesor realizará cando o alumno se incorpore a tempo completo ao grupo ordinario engadiranse á documentación do seu expediente.

Agrupamentos flexibles

Regulados polo artigo 18 da orde do 27 de decembro de 2002:

- Desenvolveranse na educación primaria
- De carácter temporal.
- Medida de apoio para o alumnado con dificultades

de aprendizaxe de carácter esencial.

- Precisan autorización da inspección educativa ou da xefatura territorial.

Ademais dos requisitos anteriores recollidos na normativa, establécense os seguintes:

- Poderán desenvolverse agrupamentos nas áreas de lingua castelá/galega e literatura e matemáticas.
- O alumnado non contará con adaptación curricular.
- Estes alumnos terán no curso anterior avaliación negativa na área para a que se propón o agrupamento.
- O horario semanal do agrupamento flexible poderá ocupar todo ou parte do horario da área na que se realice.
- O orientador elevará ao xefe de estudos a proposta do alumnado que formará parte do agrupamento.
- Requirirase a conformidade das nais, pais ou dos titores legais do alumnado.
- A programación da área terá como referente os obxectivos do curso, tendendo á consecución das competencias básicas, se ben poderá incluír tamén contidos dun nivel inferior que non ten adquiridos.
- Ao remate do tempo para o que foi autorizado o agrupamento flexible, o profesorado que o desenvolveu elaborará un informe final individualizado do alumnado.
- Cando o agrupamento flexible abranxa todo o horario da área, a cualificación corresponderá ao

profesor do agrupamento. Se abarca só unha parte, este profesor formará parte do equipo de avaliación, pero será o mestre do grupo ordinario o responsable da cualificación.

- A cualificación do alumno do agrupamento realizarase conforme ao establecido con carácter xeral para a correspondente área educativa. Non obstante, os pais ou titores legais recibirán un informe cualitativo do seu progreso na área.

Escolarización combinada

Conforme ao punto 1c do artigo 16 do Decreto 229/2011, do 21 de decembro, entre as modalidades de escolarización considérase:

“A escolarización combinada entre un centro ordinario e un centro de educación especial. Para os efectos de escolarización, as unidades de educación especial nos centros ordinarios terán a consideración de centros de educación especial”.

Segundo o referido Decreto (artigo 16.1c, 2 e 3) e a Orde do 27 de decembro de 2002 (artigos 44, 45, 46), podemos sinalar en referencia a esta modalidade de escolarización:

- É destinatario desta modalidade de escolarización o alumnado con necesidades educativas especiais que estea escolarizado nun centro ordinario e requira de recursos específicos non dispoñibles, podendo escolarizarse a tempo parcial nunha aula ou centro específico de educación especial.
- Así mesmo, o alumnado escolarizado nun centro específico de educación especial poderá combinar a súa escolarización nun centro ordinario co obxecto de promover a súa normalización escolar.

O procedemento para o inicio da escolarización combinada inclúe:

- Elaboración da avaliación psicopedagóxica do alumno polo orientador.
- Redacción do ditame de escolarización polo orientador do centro educativo no que se atope escolarizado o alumno ou para o que se solicita a súa admisión acompañado dunha declaración escrita feita polos pais ou titores legais do alumno na que se fará constar a súa valoración da proposta de escolarización.
- Presentación pola dirección do centro da solicitude na Xefatura Territorial acompañada da documentación referida ,que a resolverá oportunamente logo dos informes que procedan.

No caso das escolarizacións combinadas entre un centro ordinario e un centro de educación especial, o alumnado, pertencerá para efectos académicos e administrativos, ao centro educativo que se determine na resolución da xefatura territorial correspondente.

O profesorado de ambos os centros coordinarase no proceso de planificación, atención e avaliación deste alumnado.

O profesor titor do alumno pertencerá ao centro no que estea matriculado, e corresponderalle a coordinación das atencións educativas que se proporcionen nos dous centros, co apoio dos departamentos de orientación.

A escolarización estará sometida a un proceso de revisión periódica por parte da xefatura do Departamento de Orientación correspondente, que será trimestral en educación infantil e, cando menos, anual nas demais ensinanzas.

A proposta de revisión de escolarización poderase

iniciar por calquera dos dous centros ou a instancia dos pais ou titores legais.

Se é o caso, a dirección solicitará o cambio de modalidade de escolarización á xefatura territorial correspondente, quen resolverá. Esta solicitude irá acompañada da mesma documentación referida para o procedemento de inicio da escolarización combinada.

Atención educativa hospitalaria e domiciliaria

O artigo 25 do Decreto 229/2011, de 21 de decembro, sinala que “a atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.”

Segundo o referido Decreto (artigo 25) e a Orde do 27 de decembro de 2002 (artigos 47 a 51), podemos sinalar en referencia a esta modalidade de escolarización:

- Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:
 - a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
 - b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
 - c) Curta hospitalización: menos de quince días.

- O alumnado de longa e media hospitalización recibirá atención educativa en coordinación co centro de orixe.
- O de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.
- Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes e o que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.
- O centros educativo, a través do departamento de orientación, proporcionarán aos servizos de atención educativa hospitalaria e domiciliaria toda a información relativa ao alumno, especialmente a referida á súa competencia curricular.
- O servizo de atención hospitalaria e domiciliaria remitirá ao centro de referencia do alumno os informes relativos ao seu progreso, cunha periodicidade mínima mensual e ao finalizar esta modalidade de atención educativa.
- Solicitud de atención educativa hospitalaria ou domiciliaria:
 - Formulada perante a Xefatura Territorial pola dirección do centro, a instancia dos seus pais ou tutores legais.
 - Irá acompañada dos debidos informes que a xustifiquen.

- O colexio establecerá, a partir da CC, un programa individualizado de atención educativa para o alumno, no que se terán en conta as necesidades educativas especiais asociadas á súa situación.
- A elaboración e seguimento dese programa levaraa a cabo o titor do alumno en colaboración co servizo de atención educativa hospitalaria e domiciliaria e co asesoramento do departamento de orientación.
- Cando as condicións do alumno así o requiran, o equipo de orientación específico proporcionará o apoio necesario para levar a cabo esas tarefas.

Adaptación curricular

Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995

Consiste na modificación dun ou de máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación).

Decidirase a conveniencia de elaborar unha AC para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Terá como referente os obxectivos xerais de etapa, precisados na concreción curricular do centro para cada ciclo.

A súa elaboración e desenvolvemento, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

Precisarán autorización da inspección educativa correspondente.

Terán unha duración mínima dun ciclo educativo.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor que imparte a área, co asesoramento do orientador e de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno.

A AC revisarase periodicamente, polo menos, ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo sobre o que se elaborara a adaptación.

Os criterios de avaliación establecidos nas AC serán o referente fundamental para a avaliación e promoción do alumno. (Artigo 16.4 D.130/2007, do 28 de xuño, e Artigo 5 da Orde do 23 de novembro de 2007).

Ao remate de cada un dos ciclos, e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora (artigo 6 do D.130/2007, do 28 de xuño). Determinarase así mesmo, a necesidade ou non dalgunha ACS no curso seguinte e, en caso necesario, as liñas xerais da mesma.

A avaliación diagnóstica, a ACS e o informe de inspección formarán parte do expediente do alumno e terán carácter confidencial.

A ACS reflíctese no boletín de información ás familias, no expediente académico, historial académico, informe persoal por traslado, se é o caso, actas de avaliación, informe de avaliación final de ciclo e informe de

avaliación final de etapa: (Orde ECI/ 1845/2007, de 19 de xuño pola que se establecen os elementos dos documentos básicos de avaliación da educación básica regulada pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado. (BOE, 22/06/07). Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil. Orde do 23 de novembro de 2007 (avaliación de educación primaria).

Proceso de elaboración:

1. Avaliación diagnóstica:

- O profesor que estime a conveniencia de adaptar o currículo dalgún alumno, solicitará a avaliación diagnóstica ao orientador, cumprimentando o cuestionario previo que o Departamento de Orientación ten ao efecto.
- O orientador realizará a avaliación psicopedagóxica, emitindo o correspondente informe.
- Recollerá datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno e sobre o seu proceso de aprendizaxe.
- Eses datos serán aportados tanto polo equipo educativo responsable do alumno como polo orientador do centro, o EOE, se é o caso, ou calquera outro profesional que estea participando na atención do devandito alumno.

2. Reunión, coordinada pola xefatura de estudos, á que asistirán: titor, profesores das áreas a adaptar e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirse a pertinencia da adaptación,

as áreas a adaptar así como aqueles elementos do currículo que, no seu caso, deberán ser modificados.

3.Redacción do documento (ACS), coa estrutura que se detalla neste Plan Xeral de Atención á Diversidade. Os profesores que imparten as áreas obxecto de adaptación realizarán a programación destas e o orientador elaborará a parte formal da adaptación curricular.

4.Unha vez elaborada a ACS, procede unha nova reunión de todas as persoas implicadas, baixo a coordinación do xefe de estudos, para a revisión do documento, previa á súa remisión á inspección educativa.

5.Envío da proposta de ACS ao correspondente servizo provincial de inspección que emitirá un informe e tomará decisión sobre a súa aprobación.

As ACS deben de estar rematadas e aprobadas no primeiro trimestre antes da primeira avaliación para poder ser o referente da avaliación do alumno. Consecuentemente é convinte establecer **prazos no proceso de elaboración:**

- Solicitud de avaliación psicopedagóxica ao orientador: mes de setembro, tras a avaliación inicial.
- Primeira reunión co xefe de de estudos: segunda quincena de outubro.
- Elaboración das programacións e entrega destas últimas ao orientador en soporte informático para a elaboración do documento: primeira quincena de novembro.
- Remisión do documento á inspección educativa: segunda quincena de novembro, tras a segunda reunión de revisión coordinada polo xefe de

estudos.

É competencia do xefe de estudos na atención á diversidade, coordina-la actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación. Artigo 34 h do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG 21/10/96).

É función do profesor ou profesora que se atope no centro como apoio á atención aos alumnos con necesidades educativas especiais colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación das mesmas. Artigo 84 D 374/1996, do 17 de outubro.

É función do titor coordina-las adaptacións curriculares dos alumnos do seu grupo. Artigo 80 f. D .374/1996, do 17 de outubro.

É función do orientador realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento que se estableza. Artigo 7g do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 27/04/1998) e artigo 11h da Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 31/07/1998).

A elaboración da ACS debe seguir un modelo que lle proporcione ao traballo realizado polos profesionais do

centro educativo un sentido global, coordinado e unitario, ao tempo que se recolle o establecido na normativa.

6. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas

Os criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas no epígrafe anterior veñen concretados no desenvolvemento que facemos dos diferentes aspectos relacionados coas mesmas.

Non obstante, como principios globais que o centro desenvolve para atender á diversidade queremos salienta:

- Aproveitamento axeitado dos recursos humanos do centro.
- Posta dos recursos materiais ao servizo das actuacións de mellora do proceso educativo.
- Procura do beneficio do maior número de alumnado.
- Priorizar a atención ás necesidades máis apremantes sen renunciar á equidade na distribución dos recursos.
- Procura de recursos para a mellora cuantitativa e cualitativa da atención ao alumnado tanto da administración educativa como de outros organismos ou entidades.

7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

7.1. Equipo directivo

- Organización do centro para a axeitada utilización e aproveitamento dos recursos materiais, a optimización dos recursos persoais dos que dispón para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado en xeral e, en particular, daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Adecuar a estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos,...) para dar resposta ás necesidades do alumnado.
- Promover e impulsar a atención a diversidade, garantindo o axeitado desenvolvemento tanto das medidas e actuacións de carácter preceptivo, que figuran na normativa, como das recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nos demais documentos do Proxecto Educativo e de desenvolvemento curricular, xestión, organización, funcionamento e na PXA.

7.2. Profesorado

- Reforzar a acción titorial, entendida como a planificación de actuacións para cada unha das etapas educativas, que posibilite a axeitada resposta ao alumnado a nivel académico, persoal e social.
- Desenvolver as medidas e actuacións de ámbito curricular, relacional e organizativo para

favorecer a convivencia que se recollen no Plan de Convivencia.

- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación das accións que se levan a cabo no centro en relación ao alumnado.
- Elaborar os informes que correspondan do alumnado obxecto das medidas de atención á diversidade.
- Participar na proposta de organización da atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que realiza o orientador.
- Solicitar ao orientador a avaliación do alumnado que considere cumprimentando o formulario establecido ao efecto.
- Proporcionar ao orientador os datos do alumnado en relación á competencia curricular, estilo de aprendizaxe e integración socioeducativa para a realización destes.
- Proporcionar aos pais a través das titorías a información relativa á acción educativa que se desenvolva cos seus fillos, de maneira especial cando estes son aneae: RE, AC, apoios, intervencións individualizadas dos profesores de PT/AL, avaliacións psicopedagóxicas e logopédicas,...e recabar deles as autorizacións e documentación pertinente.
- Coordinar, como labor titorial, ao profesorado que intervén nun mesmo grupo de alumnos para garantir a coherencia do proceso de ensino e aprendizaxe.

7.3. Profesorado de PT

- Participar na proposta de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que realiza o orientador.
- Apoiar ao profesorado do centro na atención á diversidade.
- Intervir directamente co alumnado con necesidade específica de apoio educativo no desenvolvemento da acción educativa.
- Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares e no seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.
- Elaborar, en coordinación co profesorado da área ou materia na que intervén, a planificación da súa acción educativa co alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaborar no seguimento e avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e participar nas sesións de avaliación. Non obstante, a cualificación e decisión de promoción corresponderalle ao profesorado da área
- Elaborar, xunto co profesor da área, as adaptacións dos materiais didácticos que o alumnado co que intervén precisa para o desenvolvemento do proceso educativo.
- Colaborar co profesorado titor nas relacións cos pais, nais ou titores legais do alumnado ao que imparte docencia.
- Elaborar, coa periodicidade establecida para a realización das avaliacións do alumnado no centro, informe individualizado do alumnado co que intervén que entregará ao titor e ao orientador.

- Colaborar co titor e profesorado da área na que apoia ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo na elaboración dun informe de avaliación para entregar aos pais, nais ou titores legais coa periodicidade establecida para as avaliacións do alumnado no centro.
- Desenvolver aquelas outras funcións que correspondan relacionadas co apoio a este alumnado.

7.4. Profesorado de AL

- Participar na proposta de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que realiza o orientador.
- Apoiar ao profesorado do centro na atención á diversidade.
- Intervir directamente co alumnado con necesidade específica de apoio educativo no ámbito lingüístico.
- Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado con problemas de comunicación e/ou linguaxe e no seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.
- Elaborar, en coordinación co profesorado, a planificación da súa acción educativa individual para o alumnado con dificultades na área de audición e linguaxe e na comunicación.
- Colaborar co profesorado na seguimento e avaliación do alumnado co que intervén e participar nas sesións de avaliación. Non obstante, a cualificación e decisión de promoción corresponderalle ao profesorado das correspondentes áreas ou materias.

- Colaborar co profesorado no deseño, desenvolvemento e avaliación da acción educativa do alumnado con dificultades na área de audición e linguaxe e na comunicación.
- Desenvolver programas de estimulación da linguaxe e prevención de dificultades en educación infantil, fundamentalmente en 4 e 5 anos.
- Elaborar, xunto co profesorado, as adaptacións dos materiais didácticos que o alumnado co que intervéñ precisa no desenvolvemento do proceso educativo.
- Elaborar orientacións para implicar aos pais no proceso de mellora da linguaxe.
- Colaborar no deseño, planificación e desenvolvemento dos programas e accións dirixidas a alumnos estranxeiros para a adquisición das linguas oficiais de Galicia.
- Planificar, desenvolver e executar actuacións de reeducación da linguaxe mediante atención individualizada ou en pequenos grupos e colaborar cos equipos docentes na prevención das dificultades.
- Colaborar co titor na elaboración dun informe de avaliación para entregar aos pais, nais ou titores legais coa periodicidade establecida para as avaliacións do alumnado no centro.

7.5. Orientador

- Colaborar co profesorado na relación e información aos pais acerca do aneae.

- Colaborar e asesorar ao profesorado no desenvolvemento das medidas establecidas no Plan de Convivencia.
- Elaborar a parte formal das ACS incorporando as programacións do profesorado.
- Colaborar coas familias e asesoralas na atención aos seus fillos.
- Atender as demandas de avaliación dos alumnos realizadas polos profesores e familias.
- Manter relación coas entidades e servizos externos que poidan prestar apoio ao alumnado e/ ou familias e orientar estas últimas para beneficiarse dos servizos que prestan.
- Intercambiar, previa autorización dos pais, información cos servizos médicos ou asistenciais públicos, colaborando no desenvolvemento do alumno.

8. Mecanismos de coordinación e colaboración internos e entre as etapas de E.Infantil-E. Primaria e E.Primaria-E.Secundaria

Para o mellor funcionamento das institucións escolares é condición indispensable a coordinación e colaboración entre os seus compoñentes. Consecuentemente, a optimización do desenvolvemento das medidas de atención á diversidade precisa tamén a colaboración e coordinación entre os implicados nas mesmas.

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, no título III, enumera os órganos de coordinación docente dos centros (equipos de ciclo, comisión de coordinación pedagóxica, equipo de normalización lingüística, equipo

de actividades complementarias e extraescolares) e recolle todo o relativo a súa organización e funcionamento.

A LOE fai referencia, ao abordar no Título V dedicado á participación, autonomía e goberno dos centros, aos órganos de coordinación docente e de orientación que, xunto cos de goberno, son a base do funcionamento dos centros educativos.

Neste epígrafe trataremos de facer fincapé nalgún aspecto que entendemos debe precisarse:

1. A coordinación entre educación primaria e educación secundaria obrigatoria
2. A coordinación entre educación infantil e educación primaria
3. A coordinación entre os sucesivos ciclos

8.1. Coordinación entre Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria

O Decreto 229/201, no art. 41.3. establece: “O plan xeral de atención á diversidade deberá especificar os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entre os centros educativos implicados”.

Así, coa finalidade de facilitar o intercambio da información máis relevante sobre o alumnado que finaliza a etapa de educación primaria establece, remítese a preceptiva documentación que forma parte do expediente do alumno,.

Sería interesante que se celebrara unha reunión no mes de xuño, con posterioridade á avaliación final de educación primaria, na que participaran os xefes de estudos e orientadores do colexio e do IES e os titores de 6º de educación primaria.

Nesta reunión tentaríase analizar a traxectoria educativa de cada alumno incidindo fundamentalmente en:

- Principais logros e dificultades educativas.
- Circunstancias que poden afectar ao seu rendemento escolar: absentismo, pasividade, escaso cumprimento das normas, así como os seus niveles de responsabilidade, autocontrol, motivación, sociabilidade, etc.
- Nivel de competencia curricular aproximado especialmente nas áreas instrumentais.
- Medidas de atención á diversidade que se desenvolveran e a eficacia das mesmas .

8.2. Coordinación entre Educación Infantil e Educación Primaria

O paso da etapa de educación infantil a primaria supón un cambio importante para o alumnado a todos os niveis: cambian os profesores, os espazos, a distribución do tempo, a metodoloxía de traballo, as rutinas da clase, os materiais e os recursos.

Por todo isto, faise necesaria unha continuidade que garanta o desenvolvemento progresivo do alumnado sen rupturas ou cambios bruscos.

Para fortalecer e consolidar as aprendizaxes debe existir unha continuidade nos principios metodolóxicos:

- Ambas etapas deben compartir un enfoque globalizador que aproxime ao alumnado ao que teñen que aprender desde unha perspectiva integrada e diversa. .
- É importante utilizar unha metodoloxía lúdica, baseada na experimentación e que fomente a capacidade de expresión e comunicación.

- Empregar as novas tecnoloxías como un recurso para a aprendizaxe.

Outro aspecto a ter en conta é utilizar un método lecto-escritor común xa que na etapa da educación infantil débense adquirir os fundamentos, habilidades e competencias necesarias que facilitarán o dominio da lectoescritura necesario no primeiro ciclo da Educación Primaria. É tamén importante a correcta aprendizaxe do trazado e unión das letras e o coidado da grafía.

Salientar tamén que o intercambio de información sobre o alumnado é importante. A tal efecto, realizarase unha reunión dos equipos de educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria ao remate ou inicio do curso, segundo a continuidade do profesorado, sen esquecer a importancia da información que se traslada na documentación do alumno: “A posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes de fin de ciclo e/ou etapa, tanto do profesorado titor como do departamento de orientación, de ser o caso, formarán parte dese proceso de coordinación”. Artigo 41 do Decreto 245/1992, do 30 de xullo. Forman parte desta documentación:

- Informe persoal
- Informe de avaliación inicial
- Informe anual de avaliación individualizado
- Informe individualizado de final de ciclo. Pode substituír ese curso ao informe final anual.
- Informe persoal por traslado, se é o caso.
- Informes do departamento de orientación, da profesora de PT e/ou da profesora de AL, se é o caso.

- Informes de servizos externos dos que se dispoña.

8.3. Coordinación entre ciclos

Como xa dixemos en epígrafes anteriores, a transmisión de información do titor que finaliza un ciclo co grupo de alumnos ao que comeza un novo con eles é importante.

Esta información recóllese nos seguintes documentos:

- Expediente académico
- Historial académico de educación primaria
- Informe persoal por traslado, se é o caso.
- Informe de avaliación final de ciclo . O informe que figura no XADE completárase co modelo establecido no centro ao efecto e que figura no anexo III.
- Informes do orientador, da profesora de PT e/ou da profesora de AL, se é o caso.
- Informes de servizos externos dos que se dispoña.

9. Canles de colaboración cos pais e cos diferentes servizos externos ao centro.

Segundo o artigo 4* da LODE, os pais ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou pupilos, teñen os seguintes dereitos:

- a) A que reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme cos fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de Autonomía e nas Leis educativas
- b) A escoller centro docente tanto público como distinto dos creados por los poderes públicos.
- c) A que reciban a formación relixiosa e moral que

este de acordo coas súas propias conviccións.

d) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos.

e) A participar no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos.

f) A participar na organización, funcionamento, goberno e avaliación do centro educativo, nos termos establecidos nas leis.

g) A ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou pupilos, correspóndelles:

a) Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos ou pupilos cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase.

b) Proporcionar, na medida das súas posibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar.

c) Estimularos para que leven a cabo as actividades de estudio que se lles encomenden.

d) Participar de maneira activa en las actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros establezan coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos.

e) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración cos profesores e os centros.

f) Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado.

g) Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.

*Redación dada pola disposición Final Primeira, apartado 1 de la L.O. 2/2006, de 3 de maio.

Así, os pais, entre outras cousas, participarán no goberno do centro educativo a través do Consello Escolar, organizaranse a través da ANPA e terán estreito contacto cos membros da comunidade escolar e, especialmente, cos profesores dos seus fillos e equipo directivo.

O centro educativo debe facilitar e potenciar que isto se faga efectivo no seu día a día a través de:

- Reunións de titoría grupal coas familias.
- Atención individual do profesorado os martes de 16.00 h. a 17.00 h.
- Circulares informativas, de centro e/ou titoría.
- Atención individual do equipo directivo no horario establecido ao efecto.
- Atención individual do orientador.
- A páxina web do colexio.
- etc

O centro potenciará tamén a necesaria colaboración con servizos externos como EOE, servizos médicos, Servizos Sociais, etc.

10. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

Os procedementos a seguir en relación coas medidas extraordinarias recóllense no desenvolvemento das mesmas nos epígrafes anteriores.

11. Avaliación do plan

O Plan de Atención á Diversidade estará suxeito a un

proceso continuo de seguimiento e avaliación de tal forma que, anualmente, se establezan as modificacións e áreas de mellora pertinentes para axustar a resposta educativa ás necesidades do propio centro e do alumnado nel escolarizado.